

## SABÍAS QUE...?

O Grupo Píllara nace en Galicia coa unión de colectivos ambientais, universidade, concellos, Xunta de Galicia... Coa fin de xuntar forzas para a conservación da nosa pequena limícola. Ti tamén podes formar parte. Axúdanos. Axúdalle. Contacta con nós.



## NORMATIVA DE INTERESE

Co obxectivo de facilitar información á cidadanía, velaquí unha breve escolma das normativas, restricións e prazos que atinxen no Concello de Carballo, relativas á presenza de animais nos areais, lagoa e marisma do termo municipal.

**Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus L.*) en Galicia.**



O Decreto recolle a prohibición da presenza de animais libres durante o período reprodutor da píllara das dunas (isto é, do 15 de marzo ao 15 de xullo) nas contornas de Baldaio e Razo.

**Ordenanzas municipais reguladoras das praías do concello de Carballo, e da limpeza, salubridade e hixiene no termo municipal de Carballo.**



En conxunto, as normas prohíben a presenza de animais nas praías durante a Semana Santa, todas as fins de semana e festivos desde abril ata outubro, todos os días desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro (período estival), e nas contornas da lagoa de Baldaio, a Marisma de Baldaio e Trasdunas de Baldaio (espazos naturais protexidos) durante todo o ano. Así e todo, contéplanse excepcións no caso de animais de salvamento e de asistencia a persoas con discapacidade.

**A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia** recolle a obriga dos donos de adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vias nin aos espazos públicos ou privados (cans provistos de correá e collar, ou outros elementos de retención).



## PÍLLARA DAS DUNAS *Diamante das nosas praias*

Grupo Naturalista  
**Hábitat**



GN Hábitat  
habitat@gnhabitatt.org.  
981 13 50 14

Concello de Carballo  
www.carballo.gal

A. Ambiental Senda Nova  
sendanova@hotmail.com  
611 03 76 17

Fotografías:  
Andrés Pereira e Roberto Vidal



*Diamante das nosas praias*

Grupo Naturalista  
**Hábitat**



## SON PEQUENIÑA E FRÁXIL

**A**píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), chámase en castelán chorlitejo patinegro. É una pequeniña limícola (que se alimenta no limo), co peteiro alongado, de tonalidades cremosas e abrancazadas, e patas negras. Mide uns 15 cm de longo e pesa 40 gr.

A especie é considerada “vulnerable” no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas* e tamén no *Libro Rojo de las aves de España*. A situación de perigo como nidificante en Galicia leva á Xunta de Galicia a elaborar un plan de conservación a través do DECRETO 9/2014, do 23 de xaneiro.

### Poño tres ovos na area.

A sensibilidade da nosa píllara na súa reprodución vén dada pola colocación dos niños, situando os tres ovos de tan só 3 cm en pequenas cuncas na mesma area da parte alta das praias. Eixe só aqueles areais con sistemas dunares ben conservados.

### Esfórzome por sobrevivir.

De febreiro a agosto, mamás e papás píllara loitan polas súas crías, escollendo a cobertura vexetal dunar para colocar uns ovos mimetizados coa area. Intentan evitar que o lugar se inunde coas mareas, e tamén burlar aos depredadores. Rara vez o conseguén, o que inicia de novo o esforzo dos proxenitores por buscar outros lugares de cría mentres exista a calor do verán.



### Coidado onde pisas.

Se a incubación é un éxito, aos 27 días nacerán os polos píllara. O seu principal mecanismo de defensa será o mimetismo coa area. Ademais de ser da mesma cor, ante a chegada dun posible perigo permanecen agachados e inmóbiles cerca do seu niño. A conduta esténdese ata que, por fin, ás catro semanas son capaces de voar. Por iso é importante que camiñes pola parte baixa da praias. Non utilices a parte alta nin o sistema dunar.

Para protexer os niños de píllara, o Servizo de Conservación da Natureza pode colocar xaulóns ou perímetros de seguridade. **NON TE ACHEGUES A ELES**, asustarás ás aves que están a incubar.

**“ A PÍLLARA DAS DUNAS É UN INDICADOR DO ESTADO DOS NOSOS SISTEMAS DUNARES. A SÚA CONSERVACIÓN TAMÉN DEPENDE DE TI.**



## OS CANS CEIBOS: FORTE AMEZAÑA PARA A MIÑA CONSERVACIÓN

### Teño pánico aos cans.

Entre as ameazas más importantes para a conservación da píllara atopamos circunstancias naturais, tales como a predación por fauna silvestre, mais tamén certas actividades e condutas humanas.

A presenza de cans nos areais vai relacionada estreitamente coa perda de gran parte de niños. Máis aló da posible predación de ovos ou polos por parte das mascotas, os animais domésticos son vistos polas limícolas como potenciais depredadores, o que fai que as aves abandonen o niño unha e outra vez se avistan cánidos, perdéndose así a incubación. É por iso que, ademais das normativas municipais, o propio plan de conservación que procura a protección desta especie, ten en conta esta circunstancia, regulando a estancia de animais domésticos nos areais con presenza de píllara.

